

Gonçalo M. Tavares

Xerusalén



## CAPÍTULO I

### Ernst e Mylia

#### 1

Ernst Spengler estaba só no seu faiado, coa xanela xa aberta, preparado para tirarse, cando, subitamente, soou o teléfono. Unha vez, dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce, trece, catorce, Ernst colleuno.

Mylia moraba no primeiro andar do número 77 da rúa Moltke. Sentada nunha cadeira incómoda, pensaba nas palabras fundamentais da súa vida. Dor, pensou, dor era unha palabra esencial.

Operáranla unha vez, despois outra, catro veces operada. E agora aquilo. Aquel ruído no centro do corpo, no miolo. Estar doente era unha forma de exercitar a resistencia á dor ou a vontade de se aproximar a un deus calquera. Mylia murmurou: de noite a igrexa está fechada.

Catro da mañá do día 29 de maio, e Mylia non dá adormecido. A dor constante procedente do estómago, ou talvez de máis abaixo, de onde vén exactamente esa dor larga, que non pertence a un punto? Talvez da parte de abaixo do estómago, do ventre. O certo é que eran as catro da mañá e aínda non descansara un minuto. Fechar os ollos cando se ten medo de morrer?

Levantouse. Mylia era unha muller delgada, pero forte. Non utilizaba os dedos para nimiedades. (Repetía moitas veces esta frase: non utilizar os dedos para nimiedades.) Concentrábbase. Sabía que lle quedaban poucos anos de vida; a doenza chegou: pasamos uns anos xuntas, e logo ela queda e eu parto. Pois ben, había que concentrar a enerxía que existe nos días ou que existe nun corpo e se dirixe aos días, centralala —a enerxía— coma un pastel de carne, estar lista para actuar. Sen pararse en nimiedades. Os dedos deben tocar só o que é espeso, o que é fundamental; o urxente debe coincidir co esencial, co que altera de arriba abaixo. Coma unha pancada forte no momento en que a recibimos: todas as cousas do día máis insignificante deben aproximarse a ese momento en que se recibe unha pancada forte. Mylia ollábase no espello: estou viva e xa dei un mal paso. Estar doente é ter dado un mal paso, un paso diabólico, murmurou Mylia. Unha doenza que altera de arriba abaixo.

Pero ese día, ás catro da mañá, decidira saír da casa. Pola noite a dor descende sobre o corpo de xeito distinto. Coma un concentrado químico, unha substancia que esvara lentamente por unha pendente mínima que os ollos malamente dan distinguido. Entre o día e a noite a superficie non é plana. Unha lixeira pendente.

Concentrada a dor nese espazo largo que non era un punto —entre o baixo estómago e o ventre—, Mylia saíu á rúa na procura dunha igrexa.

Sorprendido, un vagabundo di que non sabe. Unha igrexa?, pregunta.

É de noite, di o home, poden roubarlle. Non debería procurar unha igrexa, senón a policía para a protexer. Onde quere ir a estas horas? Eu mesmo podería roubarlle, señora.

Mylia sorriu, afastouse. A dor non a deixaba concentrarse nun diálogo.

*Non quero a policía, quero unha igrexa. Sabe se están fechadas a esta hora?*

Os pés distantes dos zapatos. Era evidente que os zapatos planos, de home, que Mylia usaba obedecían ao movemento dos seus pés. Os ósos e músculos teñen vontade, o material do que se fan os zapatos non. O material do que se fan os zapatos está adestrado para obedecer, sobre iso non tiña dúbidas. Obedecede, zapatos, murmurou Mylia cunha perversión inxenua. Como se distinguían dende o primeiro momento as substancias que avanzaban con vontade propia das que esperaban con obediencia estática (e niso recoñecíanse, como algúns homes)! Os zapatos eran a obediencia pura, a escravitude mesquiña, naquel momento dábanlle noxo; que servilismo, o destes materiais cara ao home. Ningún can é tan servil coma estas substancias.

Non hai posibilidade de diálogo entre substancias que xa nacen en campos opostos, en campos non inimigos, que iso sería pensar na posibilidade de combate, de provisión de enerxías, na posibilidade de elevación do home que colle a arma para combater; alí, polo contrario, o afastamento non era entre substancias inimigas nin entre dous depredadores que se dispoñen a combater por un pequeno territorio; tratábase sinxelamente dunha pasividade absoluta por unha banda, e, pola outra, dunha enerxía forte, que constrúe ou destrúe, pero que sempre modifica. Non somos unha cousa que espera, murmura Mylia mentres avanza con paso forte cara á igrexa.

—A igrexa está fechada. Sabe que hora é? Case as cinco da mañá. E non debería estar aquí. De noite esta é zona má, é unha zona perigosa.

Mylia sentiu gana de rir diante daquel bo home. Unha zona má porque é perigosa! Dillo a ela, que trae unha doen-

za, unha doenza que xa está dentro e a vai matar nun ano, dous, non máis. A ela, que ten a morte encerrada nun sitio do que xa non sairá; ela quere precisamente o perigo, algo que aínda a excite, que revele nela un resto de enerxía. Estivo a piques de lle dicir ao home, sen dúbida traballador na igrexa, en tarefas menores, estivo tentada de lle dicir: se esta zona é perigosa non é unha zona má. Aquí poderase construír.

Porque o perigo era unha pregunta para a cal habería que atopar resposta rapidamente. E o que necesito é unha boa pregunta, unha pregunta exacta, unha pregunta que me obrigue a atopar unha gran resposta, aquilo que dea sentido. A doenza xa non é un lobo que eu poida asustar con algo máis forte. Non é o lobo asustábel, xa non se separa de min.

Mylia dixo:

–Non teño medo do perigo, só quería entrar na igrexa, agora.

–Son as cinco da mañá. Todo o mundo está a durmir. Esta zona é perigosa. Debe voltar á casa. Pola mañá xa estaremos todos descansados; entón atopará o que quere. A esta hora non se reciben bos consellos. A xente está cansada.

Mylia permaneceu uns instantes en silencio; retorceu-se coa dor estraña que sobresaía, lateralmente, da gran dor constante procedente do estómago. Estoutra dor viña de máis arriba.

–Desculpe. É que sentín unha dor.

–Debe regresar á casa. É moi tarde.

Mylia recobrouse. Preguntou:

–Hai algunha igrexa que aínda estea aberta?

O home despediuse, ou foi Mylia a que se afastou. A pequena porta lateral fechouse. Todo cerrado, até a pequena porta lateral. Un edificio-prisión, Mylia comezou a rodealo.

Había un traballo en altura, os homes subiran as escadas para faceren a igrexa. Na punta dos pés para coller ladrillos, pensou Mylia, divertida. Elevarse para colocar un ladrillo uns centímetros máis arriba, que bela tarefa para un home.

Mylia tivo un pensamento que a fixo sorrir aínda máis, e logo ruborizouse. Sentía unha presión na vexiga.

Pasaban das cinco da mañá. As portas estaban fechadas, o home máis simpático (ou o máis atento aos ruídos arredor da igrexa) falara con ela, un home insignificante que se desculpou por a igrexa estar fechada.

Mylia coñecía o mundo: un home que ás cinco da mañá se desculpa ante un descoñecido é un ser insignificante. Debe de limpar as inmundicias, pensou, mais axiña se arrepenhiu desa imaxe.

Porén, non era ese pensamento o que a fixera ruborizarse. Mylia tiña a vexiga chea, e alí, arredor da igrexa, non se vía ninguén. O que pensou foi isto: un home orgulloso e con pouco respecto polo mundo que existe ao seu arredor, se tivese a vexiga chea, arrimaríase á parede, collería o

pene e comezaría a ouriñar. E a vontade de Mylia naquel momento era facer iso mesmo: ouriñar contra a parede exterior da igrexa.

Non era tanto o desexo de deixar a súa marca, coma os cans, nun sitio onde non a deixaran entrar; non se trababa tampouco de ningún instinto de provocación ou de repulsa perante os horarios de apertura que, aquel día, por azar, non coincidiran cos seus desexos e necesidades, nada diso: Mylia ía facer corenta anos, xa non investía en accións soamente para provocar. E estaba doente: decidira concentrar a enerxía que lle quedaba: toda acción dirixíase única e exclusivamente a si mesma. Obro para min, actúo coma se vivise fronte ao espello. Egoísmo ou, ao final, boa economía dos impulsos.

A gana de ouriñar xunto á parede da igrexa non se debía, pois, a ningún exhibicionismo. Era a imaxe vertical, humana no seu sentido máis biolóxico, dun home de pé, suxeitando o pene e ouriñando contra a parede da igrexa ás cinco da mañá, era esa a imaxe que Mylia perseguía e, en certo xeito, naquel momento envexaba. Nunca até entón lamentara ser muller (nin tentara facer algo «masculino»), mais naquel momento, dunha maneira estraña e innecesaria –pouco racional, mesmo–, sentía noxo por non ser home. Coma se fallase dende o inicio.

Para ela era evidente que, se decidise ouriñar a aquela hora da noite contra a parede da igrexa, non conseguiría escapar ao ridículo. En que postura realizaría ese acto? De fronte ou volvendo as nádegas, apoiándoas na parede, baixándose e ouriñando? Calquera das opcións obrigaríaa a curvarse lixeiramente, e era ese «lixeiramente» o que a irritaba. Un ser vivo ou se curvaba por completo, tirándose ao chan se era necesario, asumindo a súa covardía, ou se mantiña recto, sen a mínima vacilación. E ela non podía



facer iso. Calquera que fose a alternativa imposta ao seu corpo, ensuciaría o pantalón. Daquela, o paso que deu a seguir, afastándose lixeiramente da parede da igrexa, sentiuno coma unha humillación, coma a manifestación dun: non podo.

Xurdiulle entón outra imaxe. Se alguén a vise ouriñar xunto á parede pensaría estar perante unha louca. Mylia tiña pequenos medos, medos domésticos; asustábase, coma tantas outras persoas que coñecía, cos ratos, invadía un histerismo inútil no momento en que un deses pequenos animais cincenos se cruzaba no seu camiño; temía tamén a violencia física. Un medo grande, este: o do contacto físico violento con outros humanos. E protexérase dende moi cedo. Pódenme fender, lembraba que pensara. E daquela afastárase. Só se aproximaba ás persoas cando tiña a certeza de que a tratarían ben. *Tocada pola man boa*. Era, pois, con moita estrañeza como Mylia observaba algúns homes e mulleres que adoraban a confrontación corpo a corpo, a agresividade entre materias, o conflito.

O outro gran medo de Mylia era que alguén se volvese para ollala e murmurase: velaí unha louca!

Non quería volver parecer louca. Era evidente que despois desta constatación equivocada (unha louca!) a xente vería que ela non o era, e que ao final facía o mesmo que facían as persoas normais, pero bastaba unha mirada que a considerase fóra da razón, bastaba con pensar nesa hipótese para ficar aterrorizada. Ninguén vai volver dicir que estou louca, murmuraba Mylia.

### 3

Mylia afastárase momentaneamente. Non caería no ridículo de adoptar a posición de alguén que non domina o propio corpo só para ouriñar contra a parede dunha igrexa. Afastouse unhas decenas de metros en dirección ao pequeno xardín, e tras apoiarse nunha árbore puxo as nádegas en posición; e ouriñou.

Non había ninguén nos arredores, e a dor de estómago proseguía. Non trouxera ningún papel. Dobrouse, arrincou unhas herbas coa man e limpouse con elas. Tirounas, subiu a braga e o pantalón e recuperou a súa posición.

A igrexa seguía diante dela, silenciosa. En menos de tres horas faríase de día, e a claridade era para Mylia unha ameaza evidente, unha ameaza material. Non atopara a igrexa aberta porque era de noite, mais agora non cometería o erro de que a visen por alí de mañá; todos se decatarían de que estivera á procura de algo e non atopara nada. Detestaba exhibirse nun momento en que estaba débil, e despois da breve humillación ante o home insignificante que lle abrira a porta lateral da igrexa, despois daquela fraqueza *–procurar algo que estaba fechado–*, Mylia comezaba a recuperar o instinto animal de aparecer só cando se está forte. E ela ben coñecía ese instinto, coñecía ao milíme-

tro, poderíase dicir, pois a súa doenza obrigábaa constantemente a adiar as posibilidades de encontro: nunca quedaría con alguén un día que tivese demasiadas dores. Facer tal cousa sería renunciar a ser humana, xa se decatara. E Mylia, mesmo sabendo que non duraría máis ca uns meses, e que mesmo podería morrer en poucas semanas, non renunciara a ser humana. Orgullo, repetía moitas veces. Nunca perdas o orgullo.

No entanto, Mylia comezou a sentir algo no estómago. Ao principio ese aviso deixouna perplexa: non era *a súa dor*, era outra cousa, pero igualmente forte, máis forte aínda.

Que ridículo, tivo gana de soltar unha gargallada. Teño fame, murmurou, hai horas que non como. Estou aquí de noite, soa, pero o meu estómago veu; estou acompañada.

O motivo de risa converteuse de inmediato en motivo de reflexión e de certo temor, pouco explicábel. Aquela dor no estómago que manifestaba a gana de comer, esa dor era agora máis forte ca a outra: a dor constante da doenza, a dor que lle traería rapidamente aquilo do que todos os grandes e pequenos medos foxen. Como é posíbel, preguntouse Mylia, que a dor provocada pola gana de comer pan sexa máis forte? Porque os médicos garantíronmo: vou morrer da dor que agora non consigo ouvir.

Ela comprendeu, claramente, que alí, xunto á igrexa, entraran en competición dúas grandes dores: a dor que a ía matar, a dor má, así a definiu, e, do outro lado, a dor boa, a dor do apetito, a dor da gana de comer, dor que significaba estar viva, a dor da existencia, diría ela, coma se o estómago fose naquel momento, aínda en plena noite, a manifestación evidente da súa humanidade, mais tamén das súas relacións ambiguas cos misterios dos que nada se sabe. Estaba viva, e esa circunstancia doía máis, naquel

momento, dun modo obxectivo e material, ca a dor da que ía morrer, agora secundaria. Coma se naquel momento fose máis importante comer pan ca ser inmortal.

Myliá mirou para todos os lados: onde podo comer algo a estas horas? Ningunha luz, ninguén.